ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU10032

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Postgrao interuniversitario sobre empresa pública e emprego público

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	300
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2010
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo perseguido polo curso é o de implicarse decididamente na formación para a dirección das administracións ou das empresas públicas no contexto de valores actual.
Este curso desenvolve unha acción específica de formación dos profesionais da empresa e do emprego público, onde a calidade é un factor horizontal, así como a formación nos temas xurídicos e de valores, utilizando ferramentas TIC.
Ademais, pretende facilitar unha potencial e eficaz cualificación profesional nun contorno actual condicionado pola sociedade da información e das novas tecnoloxías, facilitándolles ás/aos empregadas/os públicas/os a posibilidade dunha maior accesibilidade á actualización profesional que lles facilite conseguir maiores cotas de responsabilidade profesional.

DESTINATARIOS

O programa do curso vai dirixido ás/aos empregadas/os públicas/os das administracións públicas galegas, aos profesionais e interesadas/os que pretendan acadar un maior coñecemento no ámbito da empresa e/ou das administracións públicas e das relacións laborais nos devanditos medios.

PROGRAMA

O curso estrutúrase nos seguintes módulos:
Módulo I. Módulo de empresa.
1. Dirección da calidade.
2. Administración de empresas públicas e dirección de persoas.
3. Dirección comercial.
4. Comercio internacional.
5. Dirección financeira, análise e avaliación de proxectos.
6. A empresa.

Módulo II. Módulo xurídico e de valores.
1. Empresa e emprego público: escenario e coordenadas actuais.
2. Funcionario público versus contrato de traballo.
3. Dereito de traballo colectivo: sindical e empregados públicos.
4. O dereito procesual no emprego público.
5. A Seguridade Social: cuestións de actualidade.
6. A prevención de riscos laborais nas administracións públicas: cuestións xurídicas.
7. A empresa e o emprego público: posibles valores.
8. A prevención de riscos laborais: diversas vías de aproximación.
9. Políticas sociolaborais no marco da igualdade.
10. A educación: implicación da empresa e do emprego público na sociedade actual.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
A selección das/os aspirantes será efectuada por unha comisión académica designada para este efecto, que terá en conta a titulación ou os estudos universitarios, os coñecementos previos adquiridos no ámbito do emprego público e/ou da empresa pública, e das relacións laborais nos anteditos medios, así como a experiencia profesional relacionada coa temática do curso; e se é o caso, realizarase unha entrevista persoal.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO			
LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA		**INICIO / FIN:** 07/10/2010 a 07/07/2011	
NUM. PRAZAS: 35	**ESTADO:** NORMAL		**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS			
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE			